



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA: CORRECCION DE ERROS DO DECRETO Nº 807/2021
EXPEDIENTE: 2021/G003/000871

ANTECEDENTES:

En data 15/09/2021 asinouse, pola alcaldía deste concello, o Decreto con número 807/2021 de Aprobación das bases reguladoras das axudas á escolarización para o curso 2021-2022.

No punto sexto do apartado primeiro da resolución constan as contías das axudas a percibir así como as porcentaxes a aplicar segundo os membros e ingresos computables da unidade familiar.

Faise un desglose dos mesmos, constando nos supostos de familias de catro membros o seguinte:

“*Familias de 4 membros:
- Ata 26.800 €= 100% axuda.
- De 22.800,01 € a 39.900 €= 50% axuda.”

Detectado un erro nos tramos a considerar para a aplicación das porcentaxes, procédese á súa corrección.

Vistas as facultades atribuídas en virtude do disposto na Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 39/2015, de 1 de outubro, sobre procedemento administrativo das administracións públicas,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Corrixir o erro detectado, e alí onde consta:

“*Familias de 4 membros:
- Ata 26.800 €= 100% axuda.
- De 22.800,01 € a 39.900 €= 50% axuda”

debe constar:

“*Familias de 4 membros:
- Ata 26.800 €= 100% axuda.
- De 26.800,01 € a 39.900 €= 50% axuda.”

SEGUNDO.- Publicar a presente resolución nas mesmas plataformas nas que se publicou o anuncio orixinal aos efectos da súa publicidade.

Coristanco, asinado electrónicamente polo alcalde, Juan Carlos García Pose, e a secretaria municipal, Elena González López, na/s data/s que figuran nas sinaturas electrónicas.